

Triadas da outa serra

(Pra CELTIGA)



Ora ven o ledó
vento bruador
sementar as verbas
da miña canzón.

O brancor da neve albeira
como volvoreta tola.
tróuxome a serra de Meira.

Miña fertuna soñada
seria ter unha chouza
xunto da "Pena gallada".

E tan outo este penedo
que, o cantar unha cantiga,
retrostraránm-a no ceio.

O ter aquí os eidos meus
toparíame satisfeito
na veciñanza de Deus.

Lonxe, tan lonxe do chan,
teima miña fantasia
coller o ceio cōa man.

Teño moi fondas arelas
de lles roubar, pol-a noite,
doces bicos as estrelas.

E si a nordesia crúa
me fire, quero acocharme
no colo branco da lua.

Inda ben non chega o día
espalécense meus ollos
Viaxando na lonxanía.

I-o sol, o vir de ruar
traí un fachico de pallas
aceso pra se alumar.

Dendo cume d-este monte
óllanse tod-os vieiros
achantados n-ourizonte.

Non hei dores que chorar
que sanda miñas doenzas
con suas meiciñas o ar.

Aquí donde da o sieiro
e dond-eu quero dormir
o meu sono derradeiro.

Prā que veña o ledó
vento bruador
sementar as cinzas
do meu corazón.